

XORNADA

Vocacións e ideais de Plácido Castro

Centro ExpoSalnés
Cambados

Venres, 22 de febreiro de 2019



Plácido Castro (1902-1967) é un dos símbolos máis sobranceiros do universalismo galeguista. Pola súa orixe e a súa formación, foi unha rara avis no galeguismo dos anos trinta. Humanista, anglófilo e erudito, ao longo da súa vida desenvolveu tres vocacións principais: a tradución, o xornalismo e o compromiso político con Galicia.

Na súa traxectoria son de grande importancia os períodos británicos. O primeiro discorreu na súa nenez e mocidade e influíu na súa formación humanista e intelectual. O Plácido de “sólida cultura e fondas inquedanzas”, como recoñecían os seus coetáneos, acreditouse como un admirador do respecto dos británicos pola identidade, radicando nesa actitude de autoaprecio a principal forza do seu espírito. Na rica vida cultural da súa contorna, Plácido desenvolveu as súas arelas polas artes, o teatro, a música, a poesía etc., que conservaría ao longo de toda a súa vida.

A segunda etapa británica discorreu tras a Guerra Civil. Os camiños da vida levaron de volta a Plácido a Londres, onde colaborou varios anos coa BBC, sen perder o contacto con Galicia. Dende alí participou nos primeiros programas en galego do mundo da radiodifusión e tamén nos emitidos en español e inglés, ao tempo que mantiña a colaboración con algúns outros medios estranxeiros.

O universalismo é a chave que permite acceder ao seu pensamento, quizais un dos máis estruturados do galeguismo de comezos do século pasado. Plácido non é só universalista por convicción política, senón porque ese é o seu xeito de existencia, fundamente interiorizado e derramado en todos os ámbitos. Desde Londres ou O Salnés, Plácido apostou sempre por modelos de modernización de Galicia que preservasen o noso contorno e fixesen da nosa forma de ser e de estar un patrimonio universal.

Esta xornada, organizada pola Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega e o Concello de Cambados, en colaboración coa Fundación Plácido Castro, e coordinada por Xulio Ríos, pretende afondar nos tres eixes que marcaron a vida de Plácido Castro: tradución, xornalismo e universalismo.

Imaxe da portada: Caricatura de Plácido R. Castro, por Álvaro Cebreiro

PROGRAMA

16:00 horas

Inauguración

Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

Fátima Abal Roma, alcaldesa de Cambados

Xulio Ríos, coordinador da Comisión de Acción Exterior do CCG

16:20 horas

Plácido Castro e a tradución

Modera: **Xulio Ríos**

Laura Linares, Irish Research Council
Government of Ireland Postgraduate
Scholar

María Jesús Lorenzo Modia, catedrática de
Filoloxía Inglesa, Universidade da Coruña

17:20 horas

Pausa

17:45 horas

Plácido Castro e o xornalismo

Modera: **María Jesús Lorenzo Modia**

César Lorenzo, xornalista e editor de
Biosbardia

Luís Álvarez Pousa, xornalista e director de
Tempos Novos

18:30 horas

Plácido Castro e o universalismo

Modera: **Laura Linares**

Xulio Ríos, coordinador da Comisión de
Acción Exterior do CCG

Rubén Camilo Lois González, catedrático
de Xeografía, Universidade de Santiago de
Compostela

19:30 horas

Clausura

ORGANIZA

Comisión de Acción Exterior (CCG)

Concello de Cambados

COLABORA

Fundación Plácido Castro

COORDINA

Xulio Ríos

LUGAR

Centro ExpoSalnés

Paseo da Calzada, s/n

36630 Cambados

Tel. 986 520 786 – 986 520 943 ext. 769

INSCRIPCIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA

